

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

10196 *Lei orgánica 12/2015, do 22 de setembro, de modificación da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, para o establecemento do recurso previo de inconstitucionalidade para os proxectos de lei orgánica de estatuto de autonomía ou da súa modificación.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

PREÁMBULO

O Estado autonómico pactado na Transición e deseñado pola Constitución española de 1978 funcionou razoablemente ben durante os máis de trinta e cinco anos que a norma fundamental leva en vigor. Permitiu a creación e consolidación dun Estado das autonomías forte e erixiuse en factor decisivo na construción do noso Estado social e democrático de dereito.

A Constitución española de 1978, no seu artigo 147, configura os estatutos de autonomía como a norma institucional básica de cada comunidade autónoma que o Estado recoñecerá e amparará como parte integrante do ordenamento xurídico. De tal maneira que os estatutos de autonomía comparten coa Constitución, no ámbito respectivo da súa comunidade autónoma, a súa conceptualización como principio inspirador e a súa condición de fundamento da orde social e a convivencia política e cívica.

Por todo isto, resulta evidente que os estatutos de autonomía deben estar suxeitos á Constitución como garantía de estabilidade e non fricción na arquitectura xurídico-institucional do Estado. Se a isto engadimos o seu carácter de norma con rango de lei, debe ser o Tribunal Constitucional quen teña o monopolio do seu control de constitucionalidade.

Neste sentido, o parecer do Consello de Estado, no seu informe sobre as reformas da Constitución española emitido en 2006, é diáfano cando afirma que «este control *a posteriori* tal vez non resulte o máis adecuado para fontes normativas que, como os estatutos, subordinados á Constitución, ocupan baixo ela o máis elevado lugar na xerarquía ordinamental. Para libralos da sospeita de inconstitucionalidade e, *a fortiori*, da acusación explícita de incorrer nela, poderíase considerar a conveniencia de reintroducir o recurso previo de inconstitucionalidade».

Certamente, a existencia dun recurso previo de inconstitucionalidade para os proxectos de estatutos de autonomía e as súas propostas de reforma non constitúe unha novidade desde un punto de vista histórico-xurídico. De feito, a existencia do recurso previo de inconstitucionalidade encontrábase instituída pola Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, e non foi suprimido até a promulgación da Lei orgánica 4/1985, do 7 de xuño, cando se encontraban todos -ou case todos- os estatutos de autonomía en vigor.

Todo isto permite inferir que, para evitar o cuestionamento constitucional e institucional e vertebrar con rigor xurídico e cohesión social o Estado, se fai necesario e conveniente restablecer, adaptándoo á actual configuración do Estado, o recurso previo de inconstitucionalidade, iso si, só para os proxectos de estatutos de autonomía e as súas propostas de reforma. Evítase así o principal reproche que mereceu no pasado esta institución xurídica cando puido ser utilizada polos grupos minoritarios para paralizar a entrada en vigor de normas legais, de carácter orgánico, aprobadas polas Cortes Xerais.

En definitiva, faise necesario garantir o, non sempre fácil, equilibrio entre a especial lexitimidade que teñen os estatutos de autonomía como norma institucional básica das comunidades autónomas, en cuxa aprobación interveñen tanto as comunidades autónomas como o Estado e, en ocasións, o corpo electoral mediante referendo, e o respecto do dito texto ao marco constitucional, construído arredor da Constitución como norma fundamental do Estado e do noso ordenamento xurídico.

O alcance da reforma afecta tres preceptos da Lei orgánica do Tribunal Constitucional.

Modifícase o artigo 2, para efectos de incluír entre as funcións do Tribunal Constitucional o control previo de constitucionalidade nos casos previstos no artigo 79 da presente lei (proxectos de estatutos de autonomía e as súas propostas de reforma).

Modifícase o artigo 10, para efectos de incluír entre os asuntos dos cales corresponde coñecer ao Tribunal en Pleno os recursos previos de inconstitucionalidade contra proxectos de estatutos de autonomía e as súas propostas de reforma.

Engádesse un novo título VI bis e un novo artigo 79 (que deixou sen contido a Lei orgánica 4/1985, do 7 de xuño), que é o que regula o novo control previo de inconstitucionalidade dos proxectos de estatutos de autonomía e as súas propostas de reforma, sinalando que o recurso terá por obxecto a impugnación do texto definitivo do proxecto de estatuto ou da proposta de reforma de estatuto tras a súa tramitación en ambas as cámaras das Cortes Xerais. Polo demais, o procedemento réxese polo previsto para os recursos de inconstitucionalidade, ben que, pola natureza propia deste recurso, o prazo para a súa interposición é extremadamente breve (tres días). E para impedir dilacións indesexables na súa resolución, establécese un prazo improrrogable de seis meses para que o tribunal resolva con carácter preferente. O novo artigo 79 precisa, ademais, os efectos da interposición do recurso -que suspende automaticamente a tramitación do proxecto-, e da sentenza que o estima, que terá como consecuencia a imposibilidade de seguir o procedemento mentres os proxectos declarados inconstitucionais non fosen suprimidos ou modificados polas Cortes Xerais.

Artigo único. Modificación da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional.

Un. Engádesse unha nova epígrafe e) bis no número un do artigo segundo, coa seguinte redacción:

«e) bis. Do control previo de inconstitucionalidade no suposto previsto no artigo setenta e nove da presente lei.»

Dous. Engádesse unha nova epígrafe d) bis no parágrafo un do artigo dez, coa seguinte redacción:

«d) bis. Dos recursos previos de inconstitucionalidade contra proxectos de estatutos de autonomía e contra propostas de reforma dos estatutos de autonomía.»

Tres. Engádesse un novo título VI bis e un novo artigo setenta e nove, que terán a seguinte redacción:

«TÍTULO VI BIS

Do recurso previo de inconstitucionalidade contra proxectos de estatutos de autonomía e contra propostas de reforma de estatutos de autonomía

Artigo setenta e nove.

Un. Son susceptibles de recurso de inconstitucionalidade, con carácter previo, os proxectos de estatutos de autonomía e as propostas de reforma destes.

Dous. O recurso terá por obxecto a impugnación do texto definitivo do Proxecto de estatuto ou da proposta de reforma dun estatuto, unha vez aprobado polas Cortes Xerais.

Tres. Están lexitimados para interpor o recurso previo de inconstitucionalidade aqueles que, de acordo coa Constitución e con esta lei orgánica, están lexitimados para interpor recursos de inconstitucionalidade contra estatutos de autonomía.

Catro. O prazo para a interposición do recurso será de tres días desde a publicación do texto aprobado no «Boletín Oficial de las Cortes Generales». A interposición do recurso suspenderá automaticamente todos os trámites subseguintes.

Cinco. Cando a aprobación do proxecto de estatuto ou da proposta de reforma teña que ser sometida a referendo no territorio da respectiva comunidade autónoma, este non se poderá convocar até que resolva o Tribunal Constitucional e, se for o caso, as Cortes Xerais supriman ou modifiquen os preceptos declarados inconstitucionais.

Seis. O recurso previo de inconstitucionalidade substanciarase na forma prevista no capítulo II do título II desta lei e deberá ser resolto polo Tribunal Constitucional no prazo improrrogable de seis meses desde a súa interposición. O tribunal disporá o necesario para dar cumprimento efectivo a esta previsión, reducirá os prazos ordinarios e dará, en todo caso, preferencia á resolución destes recursos sobre o resto de asuntos en tramitación.

Sete. Cando o pronunciamento do tribunal declare a inexistencia da inconstitucionalidade alegada, seguirán o seu curso os trámites conducentes á súa entrada en vigor, incluído, se for o caso, o correspondente procedemento de convocatoria e celebración de referendo.

Oito. Se, polo contrario, declara a inconstitucionalidade do texto impugnado, deberá concretar os preceptos a que alcanza, aqueles que por conexión ou consecuencia quedan afectados por tal declaración e o precepto ou preceptos constitucionais infrinxidos. Neste suposto, a tramitación non poderá proseguir sen que tales preceptos fosen suprimidos ou modificados polas Cortes Xerais.

Nove. O pronunciamento no recurso previo non prexulga a decisión do tribunal nos recursos ou cuestións de inconstitucionalidade que se puideren interpor tras a entrada en vigor con forza de lei do texto impugnado na vía previa.»

Disposición derradeira.

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 22 de setembro de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY